

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021883	CEIP Plurilingüe de Vite	Santiago de Compostela	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	12
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

OBXECTIVOS 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e os ensinos mínimos da Educación Infantil):

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, así como as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.

OBXECTIVOS EDUCACIÓN PRIMARIA (Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos da Educación Primaria):

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, preparar para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade en as súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiás de mobilidade activa, autónoma e saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

OBXECTIVOS DO CENTRO:

- Crear un espazo educativo inclusivo, respectuoso coa diversidade de alumnado e non sexista.
- Investigar sobre o legado cultural e patrimonial. Fomentar actitudes de compromiso, da sociedade futura, cunha perspectiva crítica e construtivista.
- Dinamizar unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente coa comunidade educativa.

Aproveitar os recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios. Cultivar o arraigamento social do alumnado creando lazos coa súa contorna próxima.

- Potenciar o desenvolvemento das habilidades básicas de observación, experimentación, asimilación e expresión atendendo ao estado evolutivo do alumnado.
- Elaborar proactivamente plans de prevención (detección, intervención) co alumnado en relación á aprendizaxe social e convivencial.
- Adoptar un compromiso solidario e activo no coidado do medio ambiente. Procurar o desenvolvemento sostible.
- Acadar o desenvolvemento de competencias relacionadas coa educación emocional.
- Adquirir competencias en habilidades sociais. Establecer relacións interpersoais de empatía e solidariedade.
- Adquirir hábitos saudables mediante a aprendizaxe e o desenvolvemento de capacidades de autonomía, autocoidado persoal e do entorno inmediato.
- Fomentar intercambios de experiencias educativas e/ou culturais.
- Potenciar o espírito crítico ante as mensaxes que o alumnado recibe e elabora.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, iniciativa, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS:

- Implementar o traballo colaborativo en todos os niveis escolares.
- Utilizar as dúas linguas vehiculares da aprendizaxe. Potenciar o uso de linguas estranxeiras. Adquirir unha competencia comunicativa básica para expresar e comprender mensaxes sinxelas en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas para a resolución de problemas que requiran operacións de cálculo elementais así como coñecementos xeométricos e estimativos de aplicación ante situacións da vida diaria.
- Coñecer e valorar a flora e fauna da nosa contorna próxima e da Comunidade Autónoma de Galicia, interiorizando comportamentos de respecto e coidado.
- Utilizar medios de expresión artística para iniciarse no desenvolvemento de propostas individuais ou grupais que procuren o gozo do esteticamente fermoso, creativo, pracenteiro e favorecedor dunha comunicación enriquecedora na propia comunidade.
- Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso, aumentando o dominio do profesorado nas TIC. Utilizar eficientemente os recursos tecnolóxicos.
- Fomentar o uso da biblioteca. Promover hábitos de lectura no alumnado.
- Fomentar a titorización entre iguais para a prevención do acoso escolar.
- Reforzar a comprensión e expresión oral. Desenvolver dinámicas de oratoria.
- Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
- Respetar os ritmos de aprendizaxe, atendendo á diversidade e considerando as intelixencias múltiples.
- Impulsar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
- Educar para a paz, a interculturalidade e a solidariedade entre os pobos.
- Educar ao consumidor a través dun espírito crítico e racional ante a sociedade de consumo.
- Potenciar os faladoiros, como espazos e tempos de diálogo, reflexión, participación e adestramento democrático.
- Mellorar o Plan de Acollida ao alumnado con diversidade cultural e idiomática.
- Colaborar nas campañas de solidariedade e tolerancia.

OBXECTIVOS RELACIONADOS COS RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS:

- Establecer canles activas de comunicación entre toda a comunidade.
- Favorecer a formación permanente do profesorado a través da organización de cursos, seminarios, grupos de traballo, PFPP, Erasmus...; a partir das necesidades observadas no centro.
- Procurar unha mellora paulatina das instalacións do centro, para acadar unha escola saneada, limpa, alegre, habitable e dotada de maneira efectiva en novas tecnoloxías.

OBXECTIVOS RELACIONADOS COA PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Coordinarse con outros axentes sociais municipais para facilitar a incorporación e participación das familias.
- Crear espazos e tempo de colaboración no Consello Escolar e no Claustro que faciliten a toma de decisións participativas.
- Contribuír en crear unha imaxe positiva do centro escolar.
- Implicar as familias nas experiencias escolares e extraescolares.

- Pedir colaboración e plantexar actividades extraescolares que dean solucións aos horarios das familias.
- Facilitar a participación das familias nas datas conmemorativas e nas distintas actividades propostas desde o centro.
 - Sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dun proxecto educativo baseado na solidariedade, respecto e igualdade.
 - Sensibilizar sobre os aspectos positivos da integración doutras culturas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A) Comunicación Lingüística (CCL):

- Mellorar a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, ademais do análise da información e o seu sentido crítico.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor, para ter unha axeitada interacción coas persoas.
- Fomentamos o diálogo e o respecto polas ideas dos demais en debates e/ou coloquios.

O proxecto de Dinamización da Lingua Galega (DLG) é o eixo vertebrador de todas as actividades do colexio. Participamos nas actividades propostas dende a Biblioteca, Plan Lector, celebracións como Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...

B) Competencia Plurilingüe (CP):

- Ser quen de utilizar diversas linguas para comunicarse.
- Mellorar e perfeccionar a lingua materna.
- Coñecer diferentes culturas a través da súa lingua e da súa linguaxe.

Participamos nas seccións bilingües en 6º de primaria impartindo a área de plástica en inglés. Somos centro plurilingüe en 1º e 2º de primaria. Contamos con auxiliar de conversa nas aulas.

C) Competencia Matemática, Competencia Científica, Tecnolóxica e Enxeñaría (STEM):

- Traballar os números, as medidas e as estruturas, así como as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.
- Analizar problemas e datos, chegar ás súas propias conclusións e reflexionar sobre os procesos seguido para defendelas.
- Coñecemento e conservación do medio natural, así como o progreso, contribuíndo ó desenrolo do pensamento científico, para ser cidadáns responsables e capaces de facer xuízos críticos sobre feitos científicos.

Traballamos conceptos como a cantidade (xogo, cálculo, medición...), o espazo e a forma (debuxos reais ou imaxes, descifrar mapas mediante pistas e/ou símbolos, construír obxectos...), relacións (xogos de rol, mediación ante situacións problemáticas...), interpretación de mapas, realización de gráficas e traballos de investigación, participación en actividades científicas, manexo de máquinas e/ou ferramentas (tesoiras, utensilios do horto, ordenadores...), visitas escolares (museos, auditorio, parques naturais...), coidado do horto escolar. A través de obradoiros implementamos conceptos lóxicos matemáticos con metodoloxías innovadoras como matemáticas a través da danza...

D) Competencia Dixital (CD):

- Empregar as novas tecnoloxías para a procura de información, mellorar a creatividade e o xuízo crítico.
- Traballar distintas linguaxes: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro.
- Aprender a manexar aplicacións e programas informáticos.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Fomentamos o uso seguro, sostible, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías. Formamos o alumnado na búsqueda de internet para que seleccionen información salientable e organicen datos e contidos criticamente. Participamos en actividades e proxectos usando ferramentas e/ou plataformas virtuais de comunicación e traballo

cooperativo que permiten compartir datos e contidos. En 5º e 6º de primaria, traballamos co libro dixital. Capacitamos o alumnado para a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, as lecturas e situacións da vida cotiá. Utilizamos a aula de informática e participamos na páxina web do colexio.

E) Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA):

- Desenvolver habilidades para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.
- Lograr unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.
- Fomentar a reflexión, para axudar ao alumnado a sentar os coñecementos traballados e tomar conciencia da forma en que están aprendendo.
- Gañar habilidades sociais e fomentar o trabalo cooperativo.

Fomentamos a aprendizaxe autónoma prestando atención á motivación, a metodoloxías activas e estratexias coas que planificar dita aprendizaxe, supervisala e avaliala. Potenciamos o traballo cooperativo e por proxectos así como a aprendizaxe servizo (proxectos comunitarios levados a cabo no centro), talleres integrais/interniveis e programas específicos e, proxectos para a mellora da aprendizaxe.

F) Competencia Cidadá (CC):

- Fomentar a igualdade, a non discriminación, a democracia, a xustiza e os dereitos humanos.
- Buscar o benestar persoal e colectivo, comprendendo como funciona o noso mundo que podemos facer para melloralo.
- Participar en iniciativas de aprendizaxe cooperativo, cun obxectivo común, aprendendo a comunicarse e chegando a acordos entre todos.

Desenvolvemos as capacidades do alumnado para elixir libremente, ser autónomos, relacionarse de maneira adecuada cos demais, ter comportamentos respectuosos con eles/as mesmos/as, cos demais e co medio ambiente coa fin de previr condutas ou discriminacións de calquera tipo. Fomentamos a construción de relacións harmónicas e pacíficas que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas no respecto, recoñecendo a riqueza da diferenza e respectando os dereitos das persoas. Ofrecemos modelos positivos que favorecen a aprendizaxe de actitudes baseadas no respecto, a equidade, a igualdade, a inclusión e a convivencia, que ofrecen pautas para a resolución pacífica e dialogada de conflitos. Fomentamos o compromiso activo coas prácticas de sostibilidade e protección do medio e dos animais. Promovemos hábitos saudables e sostibles a partir de rutinas que se integran na práctica cotiá.

G) Competencia Emprendedora (CE):

- Recoñecer as oportunidades persoais, como medio para ser un adulto competente e capaz de desenvolverse no mundo actual.
 - Desenvolver habilidades, como a capacidade de análise, organización, adaptación, toma de decisións, resolución de problemas, traballo cooperativo, responsabilidade, sentido crítico, autonomía e confianza en un mesmo.
- Estimulamos a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para investigar e crear mediante o xogo, actividades libres ou dirixidas, proxectos cooperativos... Fomentamos a análise crítica e construtiva para o análise e avaliación da contorna para crear e reformular ideas utilizando o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación. Facilitaremos a toma de decisións grupais para levar as ideas mediante a planificación e xestión de proxectos sostibles de valor social, cultural e financeiro.

H) Competencia en Conciencia y Expresión Culturais (CCEC):

- Coñecer a importancia e a riqueza das diferentes culturas: coñecelas, aprecialas e acercarnos a elas cunha actitude aberta e respectuosa.
- Fomentar a creatividade e participación na vida cultural.
- Facer especial fincapé na expresión artística e plástica, fundamental para mostrar a identidade cultural persoa e compartida.

Somos un centro con alumnado de diferentes países e gran diversidade cultural, isto implica esforzarse por comprender, desenvolver e expresar as ideas propias e un sentido de pertenza á sociedade en distintas formas e contextos, así como o enriquecemento da identidade a través do diálogo intercultural. Fomentamos a sensibilidade e solidariedade para os pobos que non dispoñen do máis básico, mostrando o labor das ONG e coñecendo os dereitos humanos, colaborando coas distintas organizacións do noso entorno.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Incorporaranse contidos transversais que dean resposta a demandas sociais conectadas coa contorna do colexio (medio ambiente, consumismo, educación para a saúde, as emocións...), que favorezan a adopción dunha perspectiva práctica e funcional, centrada, fundamentalmente, en aspectos básicos para a formación do alumnado, que favorezan a diversidade das aulas, que propicien a integración e a convivencia, que respecten as diferenzas individuais, que promovan a tolerancia de ideas ante a pluralidade e que fomenten a autonomía persoal e o desenvolvemento dun autoconceito positivo e equilibrado.

Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse.

- Educación para a convivencia: O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade con intereses que non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico, por eso implantamos a formación en mediación e creamos o grupo de minimediadores escolares, coa finalidade de que o alumnado xestione os conflitos que xurdan na escola.

- Educación para a saúde: Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida. Para isto, facilitaremos a implementación de programas de nutrición sostible e movemento enmarcados en proxectos do centro.

- Educación ambiental: Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural. Temos un entorno natural e verde arredor do colexio que é a nosa seña de identidade no traballo interdisciplinar do centro, con horto escolar, composteiro, xardíns e espazo arbolado.

- Educación vial: Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

- Educación intercultural: Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

- Coeducación: Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

- Educación para a paz: Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

- Cultura galega: O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país. En todas as áreas do currículo trabállanse unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 11 do D105/2014, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Son os seguintes:

- A comprensión lectora: saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP e afianzar logo na ESO.

- Expresión oral e escrita: é outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar as etapas

- As tecnoloxías da información e comunicación: tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.

- Emprendemento: afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.

- Educación cívica e constitucional: ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia.

Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes y mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a. Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer). Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes. No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos.

Entre estes modelos temos:

- Discurso expositivo.
- Discurso de experiencias.
- Talleres.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Personalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación continua e formativa.

Metodoloxía baseada nunha aprendizaxe competencial:

A) Estilo de ensino-aprendizaxe activo (habilidades de pensamento) que permite unha aprendizaxe significativa na que o alumnado é o actor do seu proceso. O profesorado é guía que axuda a descubrir os coñecementos.

B) E-Dixgal: Traballo con ferramentas tecnolóxicas como xeradoras de contidos. O alumnado iníciase no seu emprego de forma transversal e responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes á súa idade e estado madurativo.

C) Ambientes de aprendizaxe cooperativa e colaborativa con dinámicas individuais, en parellas, grupos, equipos e gran grupo.

D) Intelixencias múltiples.

E) Actividades variadas que desenvolven diferentes habilidades e capacidades partindo da observación e a experimentación. Actividades cun enfoque activo no seu deseño, no que o alumnado é o protagonista das súas aprendizaxes.

F) Actividades de inmersión e investigación na contorna.

G) Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA): Nunha mesma actividade ofrécense distintas maneiras de acceder á información, de expresarse, de motivar o alumnado.

H) Traballo por proxectos: Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado, da súa contorna próxima e dos seus centros de interese coa fin de fomentar a súa curiosidade e motivación pola aprendizaxe.

I) Normalización no establecemento de propostas que impliquen actividade internivel e interdisciplinar.

K) Titorización entre iguais.

L) Estratexias que axudan a conseguir máis significatividade nas aprendizaxes.

M) Organización espacial flexible.

METODOLOXÍA DO CENTRO:

- Ponse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas

dificultades.

- A metodoloxía didáctica é fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procura a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias e é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.

- A intervención educativa ten en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. - Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. - Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deben deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Neste apartado vaise expoñer principalmente a selección dos materiais didácticos e recursos empregados na etapa de Infantil e na etapa de Primaria.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

1. Adecuación ao contexto educativo do centro.
2. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
3. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
4. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
5. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
6. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
7. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
8. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

RECURSOS PERSOAIS:

- A) Alumnado: protagonistas da programación.
- B) Profesorado e especialistas: protagonistas da acción educativa.
- C) Departamento de orientación.
- D) Comunidade educativa.
- E) Externos: colaboradores da acción educativa (familias, EOE, organizacións institucionais...).

RECURSOS MATERIAIS:

- A) Axeitados ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- B) Favorecedores da actividade motora, cognitiva, afectiva e social do alumnado.
- C) Cumpren requisitos de seguridade e solidez para as distintas idades do alumnado.
- D) Atractivos, de interese, facilitadores de coñecementos que axudan ao alumnado a afondar nas temáticas propostas e manipulables autonomamente.
- E) Variedade.

- F) Base para aprendizaxe vivencial, realización de proxectos e traballo a través do método científico.
G) Tipo: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta...

RECURSOS TECNOLÓXICOS:

- A) Ordenadores.
B) Pizarras dixitais.
C) Tabletás.
D) Proxectores.

RECURSOS DIXITAIS:

- A) Aula virtual.
B) Enciclopedias en liña.
C) Aplicación para xerar mapas mentais.
D) Vídeos educativos.
E) Libros dixitais.

RECURSOS ESPACIAIS:

- A) Aulas ordinarias.
B) Aulas específicas.
C) Biblioteca escolar.
D) Patio de lecer.
E) Aula de mediación.
F) Aula cociña.
G) Espazos da contorna.

RECURSOS DIDÁCTICOS:

- A) Promoven valores relacionados co respecto mutuo, hábitos de hixiene, a ecoloxía sostible, o gusto polas artes e a vida saudable.
B) Linguaxe e contidos intuitivos e sinxelos de comprender.
C) Motivadores para o alumnado.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O CEIP Plurilingüe de Vite é un centro de educación infantil e primaria ao que lle corresponde, segundo o Decreto 150/2022 de 8 de setembro e D. 55/2022 de 15 de setembro polos que se establecen a ordenación e currículo de educación infantil e de educación primaria en Galicia, ofertar ás familias ou ben matricular aos seus fillos e fillas na área de Relixión Católica ou, de non elixila, seleccionar a área denominada "Proxecto Competencial". Nas sesións desta área, aconséllase traballar temáticas próximas ao alumnado e a contorna do colexio referidas a:

- educación en valores e igualdade, sobre todo a través de contos.
- educación emocional (a través de historias, representacións, contos...) que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.
- educación medioambiental (a través do cultivo no horto escolar e a alimentación saudable).

Dende o curso escolar 2022/23 a Consellería de Educación aprobou a solicitude de Centro Plurilingüe polo que a nosa escola pasou a ser CEIP PLURILINGÜE DE VITE. O programa iniciouse en 1º de educación primaria impartindo a área de Educación Plástica e Visual en inglés. No actual curso escolar 2023/2024 implementouse o programa en 2º de primaria.

O centro, dende o curso escolar 2018/19, conta co Programa de Seccións Bilingües. Impartíndose a área de Arts (Plástica) en inglés en 6º de primaria. E no seguinte curso escolar 2019/20, Relixión Católica en 2º de primaria.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O plan xeral de actividades a desenvolver durante o curso escolar queda reflectido na Programación Xeral Anual (PXA) presentada ao Claustro e ao Consello Escolar.

Pódense realizar actividades que xurdan ao longo do curso, non contempladas na PXA, que se consideren de interese formativo e pedagóxico para o desenvolvemento integral do alumnado, previa comunicación ás familias.

Nas programacións didácticas quedan descritas as actividades complementarias previstas para cada ciclo. Estas actividades:

- A) Están relacionadas cos contidos e obxectivos de cada ciclo e co currículo correspondente a cada curso.
- B) Están relacionadas coas festividades marcadas no calendario escolar e cos distintos temas transversais.
- C) Están adaptadas ás idades do alumnado ao que van dirixidas e promoven o desenvolvemento das distintas competencias.
- D) Son variadas, espertan o espírito crítico, promoven o respecto cara as persoas, animais e medio ambiente.
- E) Son significativas e garanten a igualdade e a coeducación.
- F) Teñen en conta a diversidade do alumnado e garanten a súa participación.

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DENTRO DO CENTRO:

- A) A participación do alumnado é obrigatoria, sempre que sexan gratuítas.
- B) Desenvólvense dentro do horario lectivo coa permanencia obrigatoria do profesorado de referencia.
- C) Nas actividades dirixidas por un axente colaborador externo, o profesorado de referencia debe estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia que poida xurdir.

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS FÓRA DO CENTRO:

- A) Sempre é necesaria a conformidade escrita dos proxenitores/titores legais cando sexan fóra da localidade. Dita autorización preséntase no prazo establecido para poder participar na actividade. No caso das realizadas dentro da localidade, a autorización queda recollida ao inicio do curso no documento de "ACTUALIZACIÓN DATOS".
- B) Infórmase ás familias do tipo de actividade, lugar, horario de saída e regreso e custo da mesma, de ser o caso.
- C) Con custo para as familias, son voluntarias. O alumnado ten obrigación de asistir ao colexio en caso de non realizar a actividade complementaria. A xefatura de estudos arbitra as medidas oportunas para que sexan debidamente atendidos.
- D) O profesorado que participa nas saídas, deixa previstas tarefas que realizará o alumnado que non realice a actividade.
- E) Priman as actividades gratuítas ou de moi baixo custo, que garantan a participación do maior número de alumnado.
- F) Cada 25 alumnos/as van cun profesor/a, un mestre/a de apoio e, de ser o caso, unha persoa auxiliar coidadora.
- G) O profesorado interesado na actividade comunica, previamente, a xefatura de estudos a saída, segundo ANEXO "COMUNICACIÓN ACE PREVISTA".

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Na etapa de educación primaria o alumnado que acada a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibe os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzou no curso anterior e pode recibilos por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria. No caso de alumnado con nee o apoio é impartido polas especialistas en PT e AL.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Séguese o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Posibilítaselle alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Ver "Plan específico de reforzo para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso."

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN: Establecidos nas programacións didácticas de cada curso e materia elaboradas no mes de setembro.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA. PROCEDIMENTO XERAL:

A) Ao finalizar o ciclo, o profesorado do grupo adopta as decisións sobre a promoción do alumnado de maneira colexiada, tomando en especial consideración a información e o criterio da titora ou titor do grupo. Na sesión de avaliación, para a decisión de promoción, o equipo docente estuda por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno/a e a natureza das súas dificultades. Analízase en que grao estas lle impedirán seguir, ou non, o ritmo de aprendizaxe para superar o curso seguinte con éxito ou se hai expectativas favorables de recuperación, no caso de non promocionar.

B) Accédese ao curso seguinte sempre que se considera que se alcanza o desenvolvemento correspondente das competencias básicas. Promociónase sempre que as aprendizaxes non adquiridas non impidan seguir con aproveitamento o curso posterior. Neste caso, a decisión vai acompañada de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuír a que o alumno/a alcance os obxectivos programados.

C) Accédese á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) se se alcanza o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o adecuado grao de madurez.

D) Se o alumno/a non cumpre os requisitos sinalados nos apartados deste documento, permanecerá un ano máis no curso. Esta é unha medida excepcional que se toma tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou dificultades de aprendizaxe do alumno/a. Neste caso, o equipo docente organiza a adecuación en tempos, metodoloxías, instrumentos de avaliación... co obxectivo de que, durante ese curso, o alumno/a poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta medida só se adopta unha vez ao longo da etapa, oídos os proxenitores/titores/as legais e deixando constancia de que se lles facilitou esa información na que se lles comunica a natureza das dificultades que presenta o alumno/a en cuestión e as medidas complementarias que van adoptar con vista a emendas. Esta medida ten, en todo caso, carácter excepcional.

E) A decisión de que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso só se pode adoptar unha vez ao longo da educación primaria polo que, o alumno/a que xa repetiu promociona, aínda cando non alcanza os obxectivos do mesmo. Dito alumno/a recibe os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas no curso anterior.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS DO CENTRO:

A) Promociona ao ciclo ou etapa seguinte o alumno/a que alcanza o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, así como a adquisición de capacidades necesarias para a consecución dos obxectivos programados nas distintas áreas, independentemente de que o rendemento non sexa de todo satisfactorio e aínda no caso de que sexa avaliado negativamente nalgunha área.

B) Ten carácter determinante para a decisión de non promoción unha falta de madurez de tal grao que lle impida ao alumno/a a adquisición das capacidades necesarias e dos obxectivos programados.

C) Pódese decidir a non promoción dun alumno/a se, por circunstancias extraordinarias (inmigración, escolarización irregular...), considérase que é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento e, acompáñase dun "plan de reforzo" ou de "adaptacións curriculares".

D) Se o alumno/a ten moi baixa competencia nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas) e lle imposibilita o desenvolvemento adecuado no resto das áreas, pódese decidir a non promoción.

E) Tense en conta se o alumno/a pode avanzar, sen necesidade de repetir, aplicándolle un programa de atención individualizado coas súas correspondentes adaptacións curriculares.

F) Tense en conta o nivel de integración do alumno/a no grupo ao que está adscrito e as características do grupo ao que se adscribiría no caso de que o alumno/a non promocione (número de alumnado, conflictividade do grupo, nivel de cohesión...).

G) Tense en conta o nivel de madurez do alumno/a, grao de autonomía e responsabilidade, capacidade de aprendizaxe, características físicas...

H) Tense en conta a opinión da familia, que é informada e escoitada antes de tomar a decisión.

I) Tense en conta o asesoramento do Departamento de Orientación.

Os criterios para a promoción do alumnado, quedan establecidos do seguinte xeito:

- É fundamental que de cara a non promoción do alumnado, todo o profesorado do centro utilice os mesmos criterios.

- Acórdase o seguinte: non promocionaran aqueles alumnos/as que teñan dúas das tres materias instrumentais

suspensas (lingua castelá, lingua galega e matemáticas); tampouco promocionarán aqueles/as que suspendan tres materias de calquera tipo (instrumental ou non instrumental).

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A Orde do 26 de maio do 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regúlase a avaliación nesta etapa educativa non específica "Mención honorífica" na etapa de educación primaria, polo que o CEIP Plurilingüe de Vite non outorga dita mención.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Utilizarase a ferramenta PROENS da Xunta de Galicia.

Como mínimo, incluíndo os elementos indicados:

A) No punto 2 do artigo 14 do Decreto 150/2022 no caso das programacións de infantil.

B) No punto 2 do artigo 15 do Decreto 155/2022 no caso das programacións de primaria.

As programacións están accesibles as familias na páxina web do centro e nos primeiros días de setembro as titoras/es informan ás familias dos obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das distintas áreas do curso.

CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

A) Que sexan útiles.

B) Teñen en conta o contexto do CEIP Plurilingüe de Vite.

C) Incorporan núcleos temáticos do currículo de referencia.

D) Teñen como referente o tratamento transversal da educación en valores.

E) Inclúen métodos que teñen distintos ritmos de aprendizaxe favorecedores do pensamento crítico, o traballo individual e cooperativo e distintas posibilidades de expresión.

F) Son elaboradas en equipo e coordinadamente.

G) Seleccionan criterios de avaliación que propoñen a realización de tarefas realistas, útiles e funcionais que demostren que a aprendizaxe dos contidos serven para algo.

H) Traballan as distintas competencias básicas.

I) Inclúen distintas medidas de atención á diversidade.

K) Inclúen criterios, instrumentos e procedementos de avaliación e promoción.

L) Inclúen materiais e recursos variados.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:

A) Contextualizouse adecuadamente atendendo á idiosincrasia do CEIP Plurilingüe de Vite.

B) Facilitouse a coordinación docente.

C) Consegúronse os obxectivos xerais.

D) Consegúronse os resultados de aprendizaxe satisfactorios por máis da metade da clase.

E) Fomentouse a lectura.

F) Foron axeitadas as actividades, metodoloxías e recursos.

G) Os instrumentos de avaliación e cualificación permitiron acadar os resultados da aprendizaxe.

H) Desenvolveuse unha educación personalizada.

I) Tívoise en conta a avaliación inicial.

K) Traballáronse as distintas competencias.

L) Foron adecuados a secuenciación de contidos, espazos e tempos.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O CEIP Plurilingüe de Vite, dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolve a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- A) Que favorezan a innovación educativa no proceso de ensino-aprendizaxe.
- B) Que fomenten a inclusión, a igualdade, a coeducación entre o alumnado e o profesorado.
- C) Que promovan o respecto pola natureza, a ecoloxía sostible e hábitos de hixiene.
- D) Que promovan a vida saudable e a actividade física entre o alumnado e o profesorado.
- E) Que promovan a igualdade de oportunidades.
- F) Que fomenten o traballo colaborativo.
- G) Que desenvolvan temáticas e aspectos de interese para o alumnado, o profesorado, o centro, as familias.
- H) Que sexan operativos e estean aprobados polo Claustro e o Consello Escolar.
- I) Que axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo para unha resolución pacífica.
- K) Que permiten crear lectores/as eficientes.
- L) Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Entre os plans nos que participa o centro están:

- Plan de convivencia.
- Plan dixital.
- Proxecto abalar e rede e-dixgal.
- Proyecto lingüístico de centro.
- Proyecto lector.
- Plan de acción tutorial.
- Plan anual de atención á diversidade.
- Programas educativos de innovación educativa:

Contratos programa (CPIInclúe e CPIInnova)

Plans proxecta.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Polo tanto, tendo en conta a publicación da LOE no ano 2006, o termo "Proxecto curricular" debe entenderse como Concreción Curricular polo que seguiremos o establecido no Capítulo II da Orde do 22 de xuño de 1997:

- A) O grao de cumprimento e de desenvolvemento da Concreción Curricular é revisado ao longo do curso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (Pto. 1.5).
- B) A Concreción Curricular e as modificacións anuais son aprobadas polo Claustro (Pto. 1.1).

o) Outros apartados

1. ANEXOS

- A) Comunicación ACE prevista.
- B) Plan específico de reforzo para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso.